

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf.981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

“BASES QUE REXERÁN A SELECCIÓN DUN/DUNHA AXENTE TIC PARA O DESENVOLVEMENTO DE TAREFAS DE DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO EN RELACION COA REDE CEMIT DA XUNTA DE GALICIA NO CONCELLO DAS PONTES.-

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da convocatoria é a selección e posterior nomeamento dun/dunha (1) Axente TIC para o desenvolvemento do programa relativo ao protocolo de adhesión á rede de centros para a modernización e inclusión tecnolóxica da Xunta de Galicia (Rede CeMIT) entre a Secretaría Xeral de modernización e innovación tecnolóxica, a Fundación para o fomento da calidade industrial e o desenvolvemento tecnolóxico de Galicia e o concello das Pontes.

2.- MODALIDADE DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS

Nomeamento de funcionario interino, dacordo co establecido no EBEP, para a execución de programas de carácter temporal (artigo 10 da referida norma), do xeito establecido no protocolo de adhesión. Remate: 31.12.2012.

3.- RETRIBUCIÓN

A remuneración, será a seguinte: Soldo Base Grupo A2, Compl. Destino 16 C. Específico: 1.120 €/ano.

4.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES:

a) Ter cumpridos os 16 anos de idade.

b) Ser español ou nacional dun Estado membro da Unión Europea, ou nacional do Reino de Noruega ou nacional da República de Islandia.

Tamén poderán participar o cónxuxe, descendentes e ascendentes do cónxuxe, dos españois e dos nacionais de países membros da Unión Europea, de Noruega ou de Islandia, sempre que non estean separados de dereito, menores de vinteun anos ou maiores da devandita idade que vivan ás súas expensas.

Este último beneficio será igualmente de aplicación a familiares doutros Estados cando así se prevexa nos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España.

c) Posuí-la titulación mínima seguinte: **Enxeñería Técnica en Informática.**

d) Non padecer enfermidade ou eiva física ou psíquica que impida o normal exercicio da función.

e) Non estar incurso nas causas de incapacidade que determina a lexislación vixente.

f) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidade Autónoma ou Administración Local, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

Tódolos requisitos anteriores deberán de terse no momento de remata-lo prazo de admisión de solicitudes e conservarse a documentación no expediente instruído.

5.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

De acordo coa lexislación vixente aplicable, establécese do seguinte xeito:

Será feita no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de cinco días naturais, contados a partir do seguinte ó día da publicación dun extracto do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Publicarase tamén un extracto nun xornal de probada difusión e as bases íntegras na páxina web do concello.-

Os aspirantes deberán presentar, xunto coa solicitude, e en todo caso antes do remate do prazo de presentación de instancias, a documentación acreditativa dos méritos que aleguen (cursos, cursiños, xornadas, diplomas, traballos desenvolvidos, experiencia laboral, etc...). A documentación a presentar será orixinal ou copia compulsada e virá acompañada dunha enumeración dos méritos que se aleguen, que será a correspondente a cada un dos apartados que figuran nas Bases. A estes efectos débese considerar o seguinte:

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf.981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

A) Cursos, cursiños e xornadas: deberán refrexar claramente a duración en horas do curso recibido; doutro xeito, non se valorará.

B) Servizos prestados: o xeito de xustificación será o seguinte:

- Certificado de empresa ou vida laboral en caso de prestación de servizos nunha entidade privada.
- Certificado de servizos prestados emitido por órgano competente no caso de prestación de servizos en calquera Administración Pública.

Valoraránse, en ámbolos casos, soamente os que teñan relación co contido da convocatoria. Os aspirantes débense abster de alegar outros non valorables.

Logo de rematado o prazo de presentación de instancias, por resolución da Alcaldía aprobarase a lista de admitidos/as e excluídos/as ó proceso, que se fixará no taboleiro de anuncios do concello, concedéndose un prazo de dous días hábiles para reclamacións ou correccións de erros que soamente poderán ser formuladas polas persoas excluídas. Así mesmo, tamén aparecerá o día de realización das probas da fase de oposición, que se realizarán o mesmo día.

Todas as notificacións que se realicen respecto do presente procedemento de selección levaranse a cabo exclusivamente, de acordo co establecido no artigo 59.6.b da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a través de publicacións no taboleiro de anuncios do concello-

6.- TRIBUNAL

Estará formado por:

- Presidente: D. José Gerardo Pais Antiqueira, funcionario do concello.
- Secretario: D. Felipe Vázquez García, funcionario do concello

VOGAIS:

- 1º - D. José Sanjurjo Paz, funcionario do concello.
- 2º- Dª Julia Guerreiro Rodríguez, funcionaria do concello.
- 3º: Dª Marina Seco Paz, funcionaria do concello

En ausencia do presidente, el será substituído polo vogal de maior idade.

En ausencia do secretario, el será substituído polo vogal de menor idade.

Os membros deste órgano seleccionador terán dereito ao percibo das cantidades que, en concepto de *asistencias*, establece o Real decreto 462/2002, do 24 de maio, de indemnizacións por razón de servizo.

O tribunal poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores/as especialistas, podendo estes pertencer á Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, limitándose, no exercizo das súas funcións á especialidade técnica de que se trate, actuando con voz pero sen voto.

O tribunal non poderá actuar ou constituirse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros con dereito a voto, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a, esta última persoa sen voto.

7.- SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección será o de concurso-oposición:

A) Oposición, consistente en dúas probas:

A.1.- Será obrigatoria e eliminatoria. Consistirá na realización dun exame por escrito consistente no desenvolvemento dun tema de carácter xeral, mesmo de carácter práctico, sen ter que ceñirse necesariamente aos epígrafes descritos no Anexo I. Neste Anexo recóllense as funcións propias a desenvolver no posto de traballo. Duración: como máximo sesenta minutos.

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf.981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Valoración: será cualificado cunha puntuación máxima de 20 puntos, sendo eliminados os aspirantes que non acaden unha puntuación mínima de 10 puntos. Valoraránse a profundidade dos coñecementos, claridade, rigor na exposición e adecuación de conclusións no contido da mesma.

A.2 .- Obrigatoria e eliminatoria, consistirá na tradución escrita dun texto do castelán ao galego durante o tempomáximo de trinta minutos. A cualificación será de Apto ou Non apto, sendo eliminados os aspirantes que non acaden a cualificación de Apto.

Estarán exentos da súa realización os aspirantes que acrediten posuí-lo Curso de perfeccionamento, certificado de aptitude do Celga 4 ou equivalente.

B) Concurso, no que se valorarán os méritos presentados polos/as aspirantes de conformidade co recollido nas presentes bases.

De acordo coa lexislación vixente e atendendo aos criterios que figuran no Protocolo asinado coa Xunta de Galicia de adhesión á Rede CeMIT consistirá nunha valoración dos méritos dos aspirantes a teor da documentación aportada; e as titulacións serán as recoñecidas pola Administración española. Dita valoración abranguerá os seguintes méritos:

a) Por ter desempeñado traballos nas Administracións públicas, de xeito remunerado en virtude de calquera tipo de vinculación contractual, encargándose da xestión de centros semellantes ou como profesional no eido de proxectos da implantación das TIC con impacto na cidadanía: 0,15 puntos por mes ou fracción.

b) Por ter desenvolvido traballos remunerados en empresas privadas ou asociacións, fundacións ou institucións privadas, todas elas con entidade propia, encargándose da xestión de centros semellantes ou como profesional no eido de proxectos da implantación das TIC con impacto na cidadanía: 0,10 puntos por mes ou fracción.

c) Por servizos remunerados prestados nas Administracións Públicas ou en empresas privadas, con calquera carácter de vinculación contractual, impartindo cursos, obradoiros ou xornadas de informática, sendo ese o obxecto de contratación: 0,08 puntos por mes ou fracción.

d) Por servizos remunerados prestados nas Administracións Públicas ou en empresas privadas, con calquera carácter de vinculación contractual, realizando tarefas directamente relacionadas coa ocupación dun técnico en Informática (programación, deseño depáxinas web, resolución de avarías, etc..) : 0,06 ptos. Por mes ata un máximo de 1 punto.

A valoración enténdese en servizos a xornada completa, polo que nos servizos prestados a tempo parcial reducirase proporcionalmente dita valoración.

A puntuación máxima que se poderá acadar polos apartados a), b) c) e d) conxuntamente non poderá superar os **4,25 puntos**.

d) Pola realización de cursos de postgrao, masters, cursos, xornadas, congresos ou seminarios, organizados por organismos públicos, colexios oficiais, cámaras de comercio, universidades ou por empresas privadas, tendo neste último caso que estar debidamente homologados ou avalados por un organismo público, sempre que estean relacionados directamente coas funcións propias da praza que se convoca ou relacionados con temas de informática, ata un máximo de **2 puntos**, dacordo co seguinte baremo:

A) Actividades distintas de xornadas, seminarios ou congresos:

- de ata 20 horas: 0,10 ptos/curso
- de 21 ata 40 horas: 0,15 ptos/curso.
- de 41 ata 100 horas: 0,20 ptos/curso.
- de 101 ata 250 horas: 0,25 ptos/curso.
- de 251 ata 500 horas: 0,35 ptos/curso.

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf.981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

- de máis de 500 horas: 0,50 ptos/curso.

B) Xornadas, seminarios ou congresos: 0,05 ptos/xornada, seminario ou congreso.

As xornadas de duración superior a 10 horas valoraranse como se dun curso se tratara.

Admítense tamén os cursos os que apareza a referencia a Acordos Nacionais de Formación Continua, por estaren financiados polo FSE.

No suposto de que non conste a duración dos cursos ou xornadas, valoraranse a razón de 0,05 ptos.

Será necesaria documentación acreditativa do contido dos cursos cando éste non se deducise da propia denominación dos mesmos.

Non se puntuarán aqueles cursos nos que soamente algún dos módulos que compoñen o curso estea relacionado co posto ó que se pretende optar.

Para a acreditación destes méritos terá que aportarse certificación ou copia cotexada do diploma expedido pola entidade organizadora de ter finalizado con aproveitamento o curso; no suposto de que o curso non se rematara por abandona-lo ou por colocación, ou porque aínda se estea impartindo, entón puntuaríanse os módulos terminados satisfactoriamente, en función das horas asistidas.

d) Por estar en posesión do Carnet de conducir B e dispoñibilidade de vehículo: 0,25 ptos.

Acreditación: Fotocopia cotexada do permiso de conducir en vigor e declaración conforme se dispón de vehículo para utilizalo.

E) Por estar en posesión da titulación de Enxeñeiro Superior en Informática: 1,5 puntos.

8.- PROPOSTA DO TRIBUNAL E LISTA DE ESPERA

O Tribunal propondrá o nomeamento do candidato con máis puntuación, sumando ámbalas fases. Para o caso de empate na puntuación final, darase preferencia á puntuación obtida na proba de coñecementos; de persisti-lo empate e pola seguinte orde: titulación académica, experiencia profesional, formación especializada e outros méritos.

Cos restantes aspirantes que teñan superado o proceso (que obtiveran a puntuación mínima suficiente na fase de oposición, que se describe nas presentes bases) elaborárase, por orde decrecente de puntuación, unha lista de espera que poderá ser tida en conta, se é o caso, de producirse a baixa do proposto, ou se o candidato proposto non chega a tomar posesión.

As circunstancias concretas que poden levar a cubri-lo posto son as seguintes:

- baixa por IT do/a titular
- baixa por maternidade da titular máis o permiso por lactación cado se acumule en xornadas completas.
- vacante definitiva da praza por renuncia voluntaria do/a traballador/a

9.- PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN

O aspirante seleccionado deberá de presentar a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos na base 5ª no prazo de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación do resultado do proceso selectivo.

Cumpridos os anteriores requisitos, pola Alcaldía procederase ao nomeamento correspondente .

ANEXO I

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf.981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

FUNCIÓNS DO /A AXENTE TIC

- Promoción do uso das TIC na poboación, en especial naqueles colectivos onde a fenda dixital se fai máis evidente, programando actividades e estratexias de dinamización adaptadas aos colectivos.
- Dinamizar as PEMEs microPEMEs amosándolles as vantaxes da Sociedade da Información.
- Planificación, impartición, difusión e publicidade das actividades de formación e dinamización na zona de actuación: obradoiros, charlas, xornada, iniciativas.
- Xestión da aula: atención a usuarios/as, mantemento do equipamento, xestión da documentación.
- Coidar do cumprimento por parte dos usuarios/as das normas de funcionamento, acceso, horario e optimización do uso e ocupación dos recursos do centro.
- Aportación de datos de seguimento e avaliacións das actividades.
- Atención de forma personalizada aos usuarios/as, realizando o apoio e seguimento da súa aprendizaxe, para que vexan o acceso ás TICs como algo doado, ameno e á vez lles resulte proveitoso na súa vida diaria.
- Seguimento e cumprimento dos obxectivos e procedementos da nova Rede CeMIT.
- Ser enlace entre o Centro e a cidadanía (persoas e asociacións cidadás) do municipio, e responsable de conseguir a inclusión e participación na Sociedade da Información da cidadanía.
- Colaboración na aportación de novas ideas que contribúan á mellora do funcionamento, desenvolvemento e impacto no Concello das Pontes de García Rodríguez da nova Rede CeMIT.
- Tratar de acadar que o CeMIT sexa un punto de referencia na vida sociocultural do concello.
- Entender o coñecemento e uso pola cidadanía dos servizos públicos dixitais das Administracións Públicas Galegas.
- Seguimento e cumprimento dos obxectivos e procedementos da nova Rede CeMIT.”